

Acta da Comisión de Calidade do día 24 de Xullo de 2014

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M. Antonia
Araujo Figueroa, Isaac
Pillado González, M. Esther
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Rodríguez Rodríguez, M^a Emma

Excusan a súa asistencia: Belén Fernández Docampo, Francisco Torres, Miguel Dorribo, Henrique Macías, Ramón Jáudenes

Da comezo a reunión extraordinaria sendo as 9:30 da mañá tras conseguir o Quórum co seguinte Orde do día:

Primeiro.- Aprobación, se procede, das alegacións aos informes provisionais de avaliación do seguimento interno do curso 2012/13 do Máster en Avogacía e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Toma a palabra a Decana para informar que chegaron ao centro os resultados dos autoinformes: Os do máster en Menores e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos están conformes, mentres que o do Máster da Avogacía ven NON conforme. Explica, asimesmo que, en relación co este tema, mantivo conversas con técnicos da ACSUG o co Director da Area, Sr. Gómez Clemente, e que decidiuse alegar en relación ao máster da avogacía e ao grao en relacións, si ben neste último nun aspecto menor que non afecta á conformidade do título

No máster da Avogacía, un dos principais problemas é a existencia de 3 comisións académicas, o cal é imprescindible por canto está recollido nos convenios firmados cos Colexios de Avogados, pero pode intentar unificarse os integrantes da Universidade. Dado que no máster de Vigo produciuse a dimisión do coordinador e do secretario, propónse unificar nun só coordinador e secretario tanto para o máster de Vigo como o de Pontevedra. Preséntanse máis accións de mellora e apróbanse as alegacións por asentimento.

No grao en Relacións Laborais, propónse as alegacións en relación co único punto no que existe non conformidade que é o de Recursos Materiais, por unha inadecuada redacción do mesmo. Dáse lectura as alegacións e apróbanse por asentimento.

Sen máis puntos que tratar, levántase a sesión a 10.05 do día sinalado, do que dou fe como secretaria.

A Secretaria

M^a del Mar Rodríguez Domínguez